

CONVOCATORIA DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS EXTRACURRICULARES NA ÁREA DE CALIDADE E MELLORA DOS PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DE ACCIONS DE CALIDADE NOS CENTROS DA USC. CURSO 2017/2018

1. MARCO XURÍDICO

O Regulamento de prácticas académicas externas da Universidade de Santiago de Compostela (USC), aprobado polo Consello de Goberno do 29 de xullo de 2015, no que se establece o procedemento para a organización de prácticas externas curriculares, extracurriculares ou prácticas para a elaboración dos traballos fin de grao/fin de máster na propia USC, e considerando que se cumpre os presupostos esixidos por esta normativa, artigo 27, relativos a:

a) Solicitude do órgano convocante das prácticas de inclusión na oferta de prácticas:

A Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación, a petición dos distintos centros (Facultades e Escolas) da USC formula unha oferta de 6 prazas para a realización de prácticas académicas externas extracurriculares a desenvolver na Área de Calidade e Mellora dos Procedementos que terán carácter formativo e se desenvolverán nos centros.

b) Informe da Unidade receptora de alumnos en prácticas (No caso de unidades administrativas, este órgano será a Xerencia):

Á vista do escrito da Xerencia da Universidade de Santiago de Compostela, de 31 de xullo de 2017, polo que manifesta a súa disposición a recibir alumnos/as en prácticas das titulacións de grao da USC nas instalacións administrativas da USC que se determinen (centros e instalacións vinculadas á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos),

Esta Reitoría Resolve,

1.- Autorizar a realización de prácticas académicas externas extracurriculares dos estudantes das titulacións de Grao da USC coa seguinte descrición:

Centro	Nº de prazas ofertadas	Duración	Período	Horas semanais	Importe mensual bruto
Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (poderán realizar a súa actividade nos centros)	6*	4 meses (12 ECTS)	De outubro de 2017 a xaneiro de 2018	20	360€

* 5 destinadas no Campus de Santiago e 1 no Campus de Lugo. A formación inicial levarase a cabo do 2 ao 6 de outubro de 2017 no Campus de Santiago.

A dotación destas prácticas inclúese na partida 8021.9834.48200 dos orzamentos da USC.

2.- Establecer o seguinte réxime de prácticas académicas externas extracurriculares:

- As prácticas terán carácter formativo e estarán vinculadas ao desenvolvemento de actividades e accións relativas aos Sistemas de Garantía de Calidade das facultades e escolas da USC. A xefatura da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos establecerá a data de inicio e fin así como o horario conforme ás necesidades e polo total das horas semanais indicadas na táboa anterior. As actividades formativas organizaranse tendo en conta a dispoñibilidade do alumnado e a súa compatibilidade académica.
- As prácticas estarán remuneradas de acordo co establecido no apartado 1 desta convocatoria, e serán compatibles coas bolsas e axudas ao estudo do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e da Xunta de Galicia.
- As prácticas terán unha duración de 12 ECTS, tendo en conta que 1 ECTS equivale a 25 horas de traballo do alumno, e estarán remuneradas con cargo á partida que se indica no apartado 1 desta resolución.
- Estas prácticas serán incompatibles con calquera relación laboral retribuída. No caso de percibir retribucións por calquera outra actividade que non supoña relación laboral, deberán solicitar no prazo de 10 días a oportuna compatibilidade perante o órgano convocante, suspendéndose ata a súa concesión/denegación os dereitos e deberes inherentes ás prácticas extracurriculares.
- A concesión e desenvolvemento das prácticas non establece relación contractual ou estatutaria coa USC nin implica compromiso en canto á posterior incorporación do/a interesado/a ao seu cadro de persoal.
- Ningún alumno poderá prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro desta resolución.

3.- Requisitos a cumprir polo alumnado para a realización destas prácticas académicas externas extracurriculares:

- Ser estudante de 3º ou 4º cursos nalgunha da titulacións de grao oficial durante o curso 2017-18. Deberá estar matriculado na data de comezo das prácticas, e durante todo o período de desenvolvemento, na modalidade de matrícula ordinaria.
- Non ter cuberto o número máximo de créditos de prácticas académicas externas extracurriculares.
- Non ter realizado o depósito do título. No caso de facelo durante o período de desenvolvemento das prácticas, o trámite de depósito porá fin á práctica.
- Non manter ningunha relación contractual coa USC.

4.- Solicitudes

- As persoas que desexen realizar as prácticas deberán **solicitalo mediante escrito** dirixido á Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación da Universidade de Santiago de Compostela no modelo que figura como **Anexo II** a esta convocatoria. A presentación de solicitudes farase no Rexistro electrónico da USC <https://sede.usc.es> de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

- Para seren admitidos/as ao procedemento de selección os/as aspirantes manifestarán que reúnen todos e cada un dos requisitos e condicións de acceso esixidas, referidas á data de expiración do prazo sinalado para a presentación de solicitudes.
- A presentación da solicitude implica a aceptación das bases por parte de cada solicitante.

5. Documentación a presentar polos solicitantes xunto coa instancia e prazos:

- a) Instancia, segundo o modelo indicado no **Ánexo II**.
- b) Currículo no que se fagan constar os méritos ou experiencia. Inclúirse tamén a formación (cursos recibidos e mesmo materias cursadas na universidade). Todo ilo debidamente acreditado, non sendo avaliados aqueles méritos que non o estean.
- c) O prazo para a entrega de solicitudes comeza o día **11 de setembro de 2017** e remata o **22 de setembro de 2017**.

6.- Publicación de admitidos:

Aos 5 días de finalizado o prazo de presentación de solicitudes a Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación publicará, no taboleiro electrónico da USC, a relación de aspirantes admitidos e excluídos, coa causa da súa exclusión. Os solicitantes excluídos terán un prazo de 10 días a partir do seguinte á publicación no taboleiro electrónico para a subsanación da causa que motivou a exclusión, quedando definitivamente excluídos de non facelo.

7.- Selección:

- Constituirase unha Comisión de Selección que estará formada pola Vicerreitora de Comunicación e Coordinación ou persoa en quen delegue, a xefa da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos, e unha técnica da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos aos que lle serán de aplicación os artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.
- A Comisión avaliará os méritos consonte aos seguintes criterios:
 - o Formación relacionada coas tarefas a desenvolver: 0-8 puntos
 - Coñecementos de ofimática (editor de texto, folia de cálculo)
 - Manexo de programas estatísticos
 - Manexo de bases de datos
 - Coñecementos de sistemas de xestión, planificación de procesos e/ou avaliación da xestión.
 - o Expediente académico: 0-8 puntos
 - o Experiencia acreditada: 0-4 puntos
- A comisión de selección levantará acta cos acordos acadados e as puntuacións correspondentes.

8.- Listas de admitidos, matrícula e réxime de aseguramento:

- A Comisión de Selección elaborará unha proposta de resolución cos candidatos seleccionados e a listaxe de agarda, por orde de puntuación, para que a Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación dite a resolución correspondente que será publicada no Taboleiro Electrónico da USC.
- Contra esta resolución os/as interesados/as poderán presentar reclamación no prazo de 10 días, contados dende a data da súa publicación. Transcorrido ese prazo é a vista das reclamacións, a Vicerreitora de Comunicación e Coordinación ditará Resolución definitiva para a súa publicación
- A resolución definitiva será comunicada aos responsables dos centros (decanos/as directores/as) aos que pertencen os alumnos seleccionados para que procedan á designación do/a titor/a académico/a que recaerá no Responsable de Calidade do Centro (ou persoa en quen delegue). En calquera caso deberá formar parte do Persoal Docente e Investigador do centro.
- Publicada a resolución definitiva de adxudicación das prácticas os seleccionados deberán formalizar matrícula de forma presencial na Unidade de Xestión Académica que lles corresponda, no prazo que se indica na resolución definitiva.
- A realización das prácticas estará cuberta polo seguro escolar agás para os estudantes maiores de vinte e oito anos para os que se formalizará obrigatoriamente un seguro de accidentes con cargo á persoa beneficiaria.

9.- Plan de formación e obrigas dos estudantes seleccionados:

- O plan de formación será definido pola Área responsable en coordinación coa Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación. As actividades formativas desenvolveranse durante o período das prácticas e deberán quedar acreditadas mediante control de asistencia, informes da titora e/ou memoria de actividades a cargo da persoa beneficiaria.
- Os estudantes están obrigados a cumprir o plan de formación debendo realizar as actividades establecidas que desenvolverán nos centros docentes da USC, de acordo coa correspondente planificación e logo de realizada a fase inicial de formación.
- Participar nas reunións de coordinación para o correcto desenvolvemento do programa.
- As actividades deseñadas pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos recóllense no **Anexo I**.
- O incumprimento das obrigas por parte do alumnado seleccionado dará lugar á revogación inmediata co cese na percepción da contía económica durante os meses que resten da práctica, sen prexuízo da devolución das cantidades obtidas por incumprimento das obrigas e doutras responsabilidades que se lle puideran esixir.
- No caso de que os estudantes non poidan cumprir as obrigas desta resolución poderán renunciar mediante a correspondente solicitude á Vicerreitoría que resolverá.

10.- Avaliación:

- Ao finalizar o período de prácticas cada estudante deberá desenvolver o proxecto formativo elaborando unha memoria final sobre as actividades realizadas.

- A avaliación das prácticas realizaraa a USC ao través do titor/a académico/a á vista da memoria final e do informe do titor/ra de prácticas externo (profesional) das dependencias nas que realizou as prácticas, que será determinada pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos.
- Para avaliar favorablemente as prácticas ao estudante, este non poderá ter unha ausencia superior ao 15% das horas programadas.

12.- Acreditación:

Cando a avaliación da memoria sexa positiva e o informe da actuación do alumno/a favorable, o responsable da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos emitirá por cada estudante que participou nas prácticas unha certificación na que constará o tempo de colaboración e as actividades e tarefas realizadas. A certificación deberá especificar que só terá efectos académicos (no SET) logo da avaliación do/a titor/a académico/a da USC.

13.- Lugar de notificación dos actos derivados desta resolución:

De conformidade cos artigos 40 a 43 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, todas as notificacións practicaranse por vía electrónica a través do Taboleiro Electrónico da Sede Electrónica da USC.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela / Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte da súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da xurisdición contencioso administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas..

Santiago de Compostela, a 4 de setembro de 2017

O reitor

Juan Viaño Rey



ANEXO I

ANEXO Á RESOLUCIÓN REITORAL DO 4 DE SETEMBRO DE 2017 POLO QUE SE CONVOCAN AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS EXTRACURRICULARES NA ÁREA DE CALIDADE E MELLORA DOS PROCEDEMENTOS - CURSO ACADÉMICO 2017/2018 (modelo a encher para cada alumno en prácticas por triplicado)

Os abaixo asinantes manifestan que leron e aceptan as condicións e compromisos establecidos na convocatoria, e de acordo co establecido na mesma, fan constar a seguinte información:

1.- Tipo de prácticas: Extracurriculares

2.- Estudante beneficiario/a desta convocatoria

Apelidos e nome:.....

DNI

O/a estudante declara cumprir os requisitos establecidos para a realización das prácticas no punto 3 da convocatoria así como estar ao corrente no pagamento do seguro (Seguro Escolar para menores de 28 anos; seguro específico para os maiores de 28 anos).

3.- Titulación na que está matriculado o estudante

.....
.....

4.- Centro de traballo e localidade onde se desenvolverán as actividades:

.....
.....

5.- Titor/a académico/a:

D/Dona

con DNI.....

6.- Titora da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos:

D/Dona.....

con DNI.....

7.- Duración das Prácticas Académicas Externas: de outubro do 2017 a xaneiro do 2018

Nº total de días: 75 días Horas/día: 4 horas

8.- (De ser o caso especificar a forma de pago) Prevese unha aportación ao alumno estudante por parte da Entidade dunha axuda ao estudo de 360€/mes pola totalidade da práctica, que se aboarán.....

.....

9.- O réxime de **permisos** será acordado pola Área de Calidade e o/a estudante, e deberá adaptarse ás normas que a Universidade poida establecer. En todo caso, deberán respectarse por parte da Área de Calidade as obrigas de asistencia á Universidade motivadas polo cumprimento da actividade académica e formativa, así como de representación e participación dos estudantes tal e como se establece no apartado 2 da convocatoria.

10.- O **obxectivo educativo** destas prácticas é que o estudante aplique e complemente os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que o preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a súa empregabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento.

11.- Proxecto formativo das prácticas (actividades, competencias, obxectivos específicos, etc.)

O alumnado seleccionado formarase en actividades prácticas no marco da implantación dos Sistema de Garantía de Calidade en Facultades e Escolas da USC.

En concreto, os obxectivos da formación serán as actividades que se detallan a continuación:

- Capacidade de xestión de material documental. relacionada cos Sistemas de Garantía Interna de Calidade, coa actualización dos recursos do centro na Aplicación de Axuda aos Sistemas de Xestión.
- Aplicación de técnicas cuantitativas e cualitativas na elaboración e análise de enquisas propias nos centros docentes-
- Sistematización, ordenación e análises de datos para a elaboración de informes e evidencias dos procesos de seguimento e acreditación.

Ademais da formación específica, o alumnado terá a posibilidade de traballar e adquirir competencias transversais como:

- Capacidade para identificar e transmitir ideas, problemas e solucións.
- Capacidade de análise da contorna das organizacións
- Capacidade de análise de problemas de xestión
- Capacidade para planificar e organizar o traballo
- Capacidade de comunicación fluída oral e escrita.
- Capacidade de utilización de ferramentas informáticas e tecnoloxías da comunicación.
- Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica.

Do 2 ao 6 de outubro, ambos inclusive, realizarase unha formación inicial e estableceranse as actividades e o calendario e centros onde se desenvolveran.

A formación inicial comprenderá os seguintes aspectos:

- Coñecer as técnicas e instrumentos de recollida de información.
- Comprender as ferramentas básicas de avaliación de procesos de calidade.
- Ferramentas para a calidade na USC.

En cada facultade e escola, o alumnado seleccionado estará baixo a supervisión das persoas responsables de Calidade do Centro. Periodicamente estableceranse reunións de coordinación para asegurar o cumprimento do programa formativo.



12.- Sistemas de avaliación e control: O/A titor/a académico/a, á vista do informe da Área de Calidade e da memoria final do/a estudante, avaliará as prácticas desenvolvidas tal e como se establece no artigo 25, apartado 4 do Regulamento de prácticas académicas externas da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado polo Consello de Goberno do 29 de xullo de 2015.

13.- O/a estudante comprométese a cumprir coas seguintes obrigas:

- a. Incorporarse na data acordada e cumprir o horario previsto no Anexo.
- b. Cumprir e respectar o sistema organizativo da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos.
- c. Gardar o debido coidado respecto dos asuntos que coñezan na súa tarefa.
- d. Cumprir e respectar as normas de seguridade e prevención de riscos laborais da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos.
- e. Cumprir con dilixencia e boa fe as actividades acordadas coa Área de Calidade e Mellora dos Procedementos.
- f. Calquera outro deber previsto na normativa vixente.

O que se asina, por triplicado, en....., a.....de.....de 201.....

O/A Titor/a Académico/a,	A Titora da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos,	O/A alumno/a,
Asinado:	Asinado:	Asinado:

ANEXO II

INSTANCIA

**PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS
EXTRACURRICULARES A DESENVOLVER NA ÁREA DE CALIDADE E MELLORA DOS PROCEDEMENTOS
NO CURSO 2017-2018**

I. DATOS DA SOLICITUDE		
Centro de destino Área de Calidade e Mellora dos Procedementos		
II. DATOS PERSOAIS		
Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome
NIF ou número pasaporte	Teléfono	Correo Electrónico

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACOMPAÑA
<input type="checkbox"/> Currículo

A persoa asinante SOLICITA ser admitido na convocatoria indicada e DECLARA baixo a súa responsabilidade que son certos todos e cada un dos datos consignados nesta solicitude e no currículo que se acompaña, comprometéndose a probar documentalmente todos os datos declarados.

_____ de _____ de 20__

Sinatura _____

SRA. VICERREITORA DE COMUNICACIÓN E COORDINACIÓN DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA



